| 10 | Os recursos naturais e os impactos medioambientais | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Saber realizar esquemas ou resumos, así como responder ás preguntas das actividades, transmitindo a información necesaria. | PE | 40 |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Coñecer os conceptos da xeografía tratados, entendendo as relacións e interconexións que hai entre eles. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Analizar os problemas ambientais actuais e as súas consecuencias, identificando bulos (negación do cambio climático). | TI | 60 |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Coñecer os principais problemas do ambientais (cales son e de onde veñen) e intentar ofrecer solucións. | | |
| CA1.3 - Coñecer os obxectivos de desenvolvemento sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e doutras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | Saber usar mapas e gráficos. Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | | |
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Comprender a interrelación entre os diferentes elementos da contorna. | | |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Ser capaz de ler e analizar textos, gráficas, mapas e imaxes, sacando deles as ideas básicas ou a información máis importante. | | |
| CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | Saber usar mapas e gráficos. Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | | |
| CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia. | Comprender os problemas ambientais actuais e propoñer solucións. | | |
| CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade. | Comprender os problemas ambientais actuais e propoñer solucións. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Comprender os problemas ambientais actuais e propoñer solucións. | | |
| CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario, diverso, intercultural e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable. | Comprender os problemas ambientais actuais e propoñer solucións. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obxectivos de desenvolvemento sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial.<br>- Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.<br>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.<br>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.<br>- Implicación na defensa e protección do ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 11 | A organización política e territorial | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Comprender a interrelación entre os diferentes elementos da contorna. | PE | 60 |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Saber realizar esquemas ou resumos, así como responder ás preguntas das actividades, transmitindo a información necesaria. | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Coñecer os conceptos da xeografía tratados, entendendo as relacións e interconexións que hai entre eles. | | |
| CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Comprender e defender a diversidade política e social dos diferentes territorios. | TI | 40 |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Ser capaz de ler e analizar textos, gráficas, mapas e imaxes, sacando deles as ideas básicas ou a información máis importante. | | |
| CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos. | Coñecer e respectar os dereitos e deberes básicos dos cidadáns na actualidade. | | |
| CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade. | Facer propostas para a mellora da contorna e da comunidade. | | |
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Valorar e respectar a contorna, defendendo e adoptando hábitos sustentables e respectuosos cos seres vivos e co medio. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario, diverso, intercultural e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os  obxectivos de desenvolvemento sustentable. | Coñecer e comprender os conflitos mundiais actuais, así como as institucións do Estado e os obxectivos a acadar (paz, seguridade, valores democráticos...). | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais. |
| - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. |
| - A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes. |
| - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. |
| - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural. |
| - Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita. |
| - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. |
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o Estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 12 | As desigualdades socioeconómicas | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Comprender a interrelación entre os diferentes elementos da contorna. | PE | 50 |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Saber realizar esquemas ou resumos, así como responder ás preguntas das actividades, transmitindo a información necesaria. | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Coñecer os conceptos da xeografía tratados, entendendo as relacións e interconexións que hai entre eles. | | |
| CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia. | Comprender os problemas ambientais actuais e propoñer solucións. | | |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Analizar os problemas ambientais actuais e as súas consecuencias, identificando bulos (negación do cambio climático). | TI | 50 |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Coñecer os principais problemas do ambientais (cales son e de onde veñen) e intentar ofrecer solucións. | | |
| CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Comprender e respectar a conformación das diferentes identidades e culturas nos diferentes territorios. | | |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Ser capaz de ler e analizar textos, gráficas, mapas e imaxes, sacando deles as ideas básicas ou a información máis importante. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | Valorar e respectar a contorna e o medio natural, defendendo o desenvolvemento sustentable mediante ideas novidosas. | | |
| CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Realizar propostas para eliminar a desigualdade e ser capaces de traballar en equipo. | | |
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Comprender e respectar a conformación das diferentes identidades e culturas nos diferentes territorios. | | |
| CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Realizar propostas para eliminar a desigualdade e ser capaces de traballar en equipo. | | |
| CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Respectar a diversidade sociocultural, rexeitando actitudes discriminatorias e propoñendo melloras para colectivos discriminados. | | |
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Valorar e respectar a contorna, defendendo e adoptando hábitos sustentables e respectuosos cos seres vivos e co medio. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais. |
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. |
| - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas |
| - Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural. |
| - A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes. |
| - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. |
| - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada á hora de traballar no curso de terceiro os contidos da materia debe permitir que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo para que poida establecer relacións e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumando adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalos para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe, actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.
As unidades temáticas do curso poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial co fin de traballar dun xeito operativo, práctico e comprensible.
Seguindo a máxima de que se aprende facendo é recomendable o emprego de metodoloxías abertas, flexibles e activas que poñan ao alumnado no reto de resolver as tarefas encomendadas que conduzan a aumentar o seu interese, a súa motivación e a súa autonomía. Neste aspecto é viable aplicar neste curso diversos métodos como o traballo individual, os traballos en grupo, a clase invertida, etc. Todos eles propician que o alumnado traballe e afonde nas súas competencias e se lle valoren os progresos e non só os resultados.
En efecto, diversificar as metodoloxías segundo a Unidade a traballar, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar, así mesmo, as dificultades de aprendizaxe que aparezan e aplicar, en consonancia, os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...).
Por medio de actividades como a redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos, investigacións sobre temas curriculares, exposicións orais, etc., incentívase a iniciativa, a creatividade e o emprendemento do alumnado facendo que se sinta parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, poñerse "en situación de" .... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.
Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo, xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interactuación entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.
Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado para que adquiran autonomía e aprendan por si mesmos, o que vai permitir

reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas e unidireccionais que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Libro de texto |
| Apuntamentos ou diapositivas do docente |
| Aula Virtual do centro |
| Caderno ou cartafol de traballo do alumnado |
| Material audiovisual (imaxes, vídeos, documentais...) |
| Mapas xeográficos e históricos, gráficas, textos |
| Prensa |
| Xogos interactivos para traballar os contidos |
| Novelas históricas, novelas gráficas, comics (material de ampliación) |

Na actualidade contamos cunha ampla diversidade de recursos pedagóxicos para acompañar cada momento didáctico e cada metodoloxía empregada.
O libro de texto constitúe un apoio fundamental tanto para o profesorado como para o alumnado, xa que reúne todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e inclúe numerosas actividades. Non obstante, cómpre lembrar que o libro de texto non debe condicionar nin a función docente nin a metodoloxía de aula. O profesorado, como profesional da ensinanza, é quen determina e xestiona o seu uso de maneira autónoma.
Ademais do libro de texto, empregarase material complementario que se adapte ás necesidades e oportunidades que xurdan na aula.
O alumnado deberá contar cun caderno ou libreta de traballo onde rexistrar as tarefas de forma ordenada e cunha boa presentación. Este caderno funcionará como mostra do traballo realizado e da progresión individual de cada estudante.
Tamén se utilizarán os recursos dispoñibles na Aula Virtual, que permite realizar e entregar tarefas a través da plataforma, deseñar actividades avaliables adaptadas aos contidos, e servir como canle de comunicación entre alumnado e profesorado para resolver dúbidas e obter aclaracións.
O manexo das TIC é hoxe imprescindible, xa que ofrece múltiples vantaxes. Con todo, o profesorado será selectivo no seu uso e fomentará unha utilización responsable por parte do alumnado.
As novelas ou películas relacionadas cos contidos do currículo de terceiro constitúen un recurso atractivo para favorecer a comprensión e a reflexión. Estes materiais poden traballarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo a organización e dispoñibilidade temporal, e mesmo empregarse como actividades de ampliación.
Igualmente, os xogos de temática histórica poden utilizarse ocasionalmente, xa que contribúen a crear un bo clima na aula e favorecen a participación activa do alumnado.
A pesar do contexto tecnolóxico actual, non deben descartarse os traballos manuais elaborados con material funxible —como pósteres ou murais temáticos—, pois permiten que o alumnado planifique, deseñe e constrúa, desenvolvendo así as súas destrezas, creatividade e proactividade.
No terceiro curso trabállanse temas de grande relevancia social —como a globalización, o medio ambiente, o mundo laboral, as migracións ou a democracia—, polo que o uso da prensa resulta especialmente interesante para darlle un enfoque práctico e conectado coa realidade.
En definitiva, é recomendable empregar unha variedade de materiais didácticos que diversifiquen non só a metodoloxía, senón tamén a aprendizaxe individual de cada estudante.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co obxectivo de detectar o nivel de competencia e as capacidades do alumnado. Esta avaliación permitirá identificar as diferenzas académicas existentes na aula e establecer as medidas oportunas para atender á diversidade. Ademais, servirá para observar o grao de interese que cada estudante amosa pola materia e polo traballo de aula.
A avaliación inicial consistirá nunha breve redacción sobre contidos de Xeografía e Historia traballados no curso anterior (2º da ESO).
Así mesmo, ao inicio de cada unidade didáctica levarase a cabo unha proba diagnóstica específica para coñecer os saberes previos do alumnado sobre o tema que se vai abordar. A partir destes coñecementos previos, seguirase construíndo a aprendizaxe. Estas probas adaptaranse a cada unidade, mais xeralmente incluirán preguntas abertas para resolver de forma colectiva, preguntas tipo test, enunciados de verdadeiro/falso, tormentas de ideas ou outras dinámicas de participación.
Unha das vantaxes desta avaliación inicial é que ofrece información sobre a predisposición do alumnado cara ao tema, permitindo identificar os contidos que espertan maior interese ou aqueles que resultan totalmente descoñecidos. Isto facilita a definición da didáctica e da metodoloxía máis axeitadas para o seu tratamento.
Outro aspecto relevante é que estas probas permiten detectar erros conceptuais ou concepcións previas incorrectas sobre os contidos, que requirirán aclaración ou revisión. Neste sentido, é especialmente útil propoñer que sexa o propio alumnado quen, mediante pequenas pescudas ou actividades guiadas, chegue ás conclusións correctas por si mesmo.
Finalmente, cómpre subliñar que estas probas iniciais non teñen por que ser cualificadas numéricamente, xa que non forman parte do cómputo da nota final. O seu propósito é unicamente recoller información sobre o punto de partida do alumnado e orientar o proceso de ensino-aprendizaxe.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **6** | **9** | **9** | **9** | **8** | **8** | **8** |
| **Proba escrita** | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 70 | 60 |
| **Táboa de indicadores** | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 30 | 40 |

| Unidade didáctica | UD 8 | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **8** | **8** | **9** | **9** | **9** | **100** |
| **Proba escrita** | 60 | 60 | 40 | 60 | 50 | **58** |
| **Táboa de indicadores** | 40 | 40 | 60 | 40 | 50 | **42** |

**Criterios de cualificación:**

Segundo a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no sistema educativo de Galicia, durante o curso haberá tres avaliacións parciais e unha avaliación final na ESO. De acordo coa Orde do 27 de decembro de 2022, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23, a terceira avaliación coincidirá temporalmente coa avaliación final ordinaria.Unha vez rematada a terceira avaliación, calcularase a cualificación final provisional como a nota media numérica (do 1 ao 10) das cualificacións obtidas nas tres avaliacións parciais.
Procedementos e instrumentos de avaliación:
a) Valoración do progreso individual a través do traballo
a.1) Traballo diario do alumnado (10 % da nota total da avaliación)

- Seguimento das instrucións do profesorado.
- Aproveitamento diario da clase.
- Realización de deberes.
- Elaboración da libreta e entrega das tarefas en tempo e forma.
- Autonomía e iniciativa na realización das actividades e na resolución de dúbidas.

Este apartado avaliarase mediante o caderno, escalas de observación e rúbricas.
a.2) Traballo ou proxecto trimestral (20 % da nota total da avaliación)

- Completitude e pertinencia da información.
- Organización e entrega en tempo.
- Esforzo por acadar o dominio do tema.
- Axuste ao nivel educativo.
- Traballo en equipo.
- Corrección no vocabulario e na presentación.
- Autonomía e orixinalidade.

Será avaliado mediante rúbricas específicas.
b) Valoración do progreso individual a través de probas escritas (Entre o 60% e o 70 % da nota total da avaliación)
Ao longo de cada trimestre realizaranse, como mínimo, dúas probas escritas. Nelas o alumnado deberá demostrar os coñecementos adquiridos e a súa aplicación práctica. Estas probas suporán o 70 % da nota trimestral. As preguntas e exercicios indicarán a puntuación correspondente.
Resumo dos procedementos, instrumentos e criterios de cualificación:

- Procedemento: Probas específicas

Instrumento: Probas escritas (mínimo dous exames por avaliación)
Criterio de cualificación: ata 7 puntos

- Procedemento: Análise da produción do alumnado e observación sistemática

Instrumentos: Rúbricas de traballos escritos e exposicións
Criterio de cualificación: ata 2 puntos

- Instrumento: Rúbrica do caderno

Criterio de cualificación: ata 1 punto
Total: 10 puntos
Nota: As rúbricas das probas orais, traballos e caderno están deseñadas especificamente para cada aspecto a avaliar. Facilitan obxectivar as diferentes dimensións avaliadas, seguir a progresión do alumnado e serven como ferramentas de autoavaliación e coavaliación.

**Criterios de recuperación:**

Co alumnado que non supere as avaliacións (é dicir, que non acade unha nota media de 5), poñerase en marcha un plan de recuperación, adaptado ao aspecto principal que lle impediu aprobar.

- Se a parte suspensa corresponde á avaliada mediante táboas de indicadores, deberá realizar actividades específicas sobre os contidos pendentes, que serán avaliadas mediante rúbricas.
- Se a parte suspensa corresponde ás probas escritas, deberá facer un exame con preguntas sobre os aspectos máis relevantes de cada unidade. A cualificación será nunha escala de 1 a 10.
- Se ambas partes están suspensas, deberá recuperar as dúas, respectando as porcentaxes indicadas nos criterios de cualificación.

A cualificación resultante redondearase á alza cando o decimal sexa igual ou superior a 0,5 e á baixa cando sexa inferior a 0,5. A avaliación considerarase aprobada cando se obteña unha nota igual ou superior a 5.

No caso de non recuperar a avaliación ordinaria, o alumnado poderá realizar unha recuperación extraordinaria ao final do curso. Esta consistirá nunha proba escrita na que se avaliarán os principais criterios das unidades didácticas, así como os traballos que deba presentar. Se algún traballo xa foi entregado e valorado positivamente na recuperación previa, o alumnado só deberá realizar o exame; en caso contrario, terá que presentar tamén o traballo correspondente.
Para aprobar a materia será necesario obter unha cualificación final igual ou superior a 5. En caso contrario, quedará pendente. Para o redondeo aplicarase o mesmo criterio que nas avaliacións ordinarias.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de que algún alumno ou alumna teña a materia pendente para o vindeiro curso, terá a oportunidade de recuperala mediante a realización dun dossier de actividades (50 %) e dunha proba escrita (50 %)
As datas para a entrega das actividades e para a realización da proba serán as que indique a Dirección do centro.
Para superar a materia, o alumnado deberá acadar unha cualificación mínima de 5 en cada unha das partes (dossier e proba escrita).
Os contidos que se recuperarán serán os correspondentes ao curso no que teñan a materia pendente. Estes contidos poden consultarse nesta programación, no apartado correspondente. Para tal fin, desde o Departamento facilitaráselles o libro de texto correspondente ou, se é preciso, material adicional que soliciten. Para unha atención máis personalizada, o profesor ou profesora do curso actual será o encargado de entregar o dossier, atender as dúbidas, explicar e resolver todas as cuestións necesarias. De ser necesario, o xefe ou a xefa do Departamento apoiará ao profesorado e coordinará todas as actividades.
O Departamento fixará a data de entrega do dossier, e a proba escrita realizarase nas datas establecidas pola Dirección. Se o alumnado non supera a materia pendente nas datas indicadas, poderá presentarse á convocatoria do 1 de xuño, que consistirá nunha proba escrita que suporá o 100 % da cualificación.
O profesorado que imparta a materia elaborará un plan de reforzo das materias pendentes da ESO, baixo as directrices do Departamento Didáctico e co coñecemento do profesorado titor.
O plan de reforzo incluirá:
a) Identificación do alumno ou alumna.
b) Información relevante sobre a materia ou materias pendentes.
c) Currículo a desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
d) Estratexias metodolóxicas que se empregarán no seu desenvolvemento.
e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
f) Tarefas a realizar, coa correspondente temporalización.
g) Seguimento e avaliación.
h) Comunicación da información á familia. Ao comezo do curso, o profesorado implicado entregará ás familias do alumnado con materias pendentes un resumo do plan de reforzo. As familias deberán devolver asinado un resgardo para garantir que recibiron a información.
O Departamento Didáctico velará polo cumprimento do plan por parte do alumnado.
En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo, publicando a cualificación en Xade e informando o profesorado titor da evolución de cada alumno ou alumna. De ser necesario, realizaranse os axustes oportunos.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas variarán en función das necesidades detectadas na aula.
As aulas son sempre diversas, xa que o alumnado presenta características moi diferentes entre si. Esta diversidade reflíctese en aspectos como os ritmos de aprendizaxe, os intereses, a motivación ou os estilos de aprendizaxe. O profesorado debe atender de maneira equitativa a todo o alumnado, polo que é necesario adaptarse a esa diversidade. Isto pódese facer de varias formas: tratar temas variados para motivar a todo o grupo, alternar diferentes metodoloxías, propoñer actividades e materiais diversos ou empregar distintos tipos de agrupamentos, tal como se explicou con anterioridade.
Dentro desta diversidade existen, ademais, alumnos e alumnas que presentan necesidades educativas máis específicas. Este alumnado require, por norma xeral, actividades ou apoios adicionais para poder seguir as clases dun xeito axeitado. As medidas que se levarán a cabo en relación con este alumnado decidiranse en función das súas NEAE ou doutras necesidades detectadas na aula, aplicando en cada caso as accións correspondentes e necesarias.
As medidas de atención á diversidade articúlanse en dous niveis:

- Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación, cunha proposta de material adaptado que facilite a súa comprensión. Deste xeito, o alumnado poderá tomar conciencia dos seus logros e incrementar a súa automotivación.
- Ao alumnado con altas capacidades ofreceránselle tarefas de ampliación e afondamento, que irán aumentando en complexidade segundo as súas necesidades, mantendo sempre un compoñente motivador para evitar a desmotivación e o desinterese.

As medidas ordinarias de atención á diversidade seguen o disposto na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado. Esta orde establece que, en coordinación co profesorado titor e o Departamento de Orientación, se deseñará unha avaliación inicial para detectar as necesidades do alumnado. As medidas que se adoptarán serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Proposta de actividades variadas e adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Axustes na metodoloxía para adaptarse ás situacións detectadas.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Emprego de procedementos e instrumentos de avaliación diversos.
7. Modificación de actividades e probas escritas, incluíndo flexibilidade nos tempos.
8. Provisión de retroalimentación continua ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Ademais destas medidas ordinarias, realizaranse as adaptacións curriculares necesarias en colaboración co Departamento de Orientación.
Tamén se contempla un plan específico personalizado para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.
De acordo co artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, o equipo docente, coordinado polo profesorado titor, elaborará un plan específico personalizado co obxectivo de adaptar as condicións curriculares ás necesidades de cada alumna ou alumno, co fin de axudarlle a superar as dificultades detectadas.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación cívico-social. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Educación ambiental. | | | | | X | X | X | X |
| ET.3 - Educación para a igualdade. | X | X | X | X | | | | |
| ET.4 - Emprendemento. | | | | | X | X | X | X |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible. | | | | | | | | |
| ET.7 - Educación para a paz | X | X | X | X | | | | |
| ET.8 - Educación para o consumidor | | | | | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación cívico-social. | X | X | X | X |
| ET.2 - Educación ambiental. | X | X | X | X |
| ET.3 - Educación para a igualdade. | | | X | X |
| ET.4 - Emprendemento. | X | X | X | X |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita. | X | X | X | X |
| ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible. | | X | X | X |
| ET.7 - Educación para a paz | | | X | X |
| ET.8 - Educación para o consumidor | X | X | X | X |

**Observacións:**

Traballaranse todos os elementos transversais, facendo especial fincapé na comprensión lectora e na expresión oral e escrita, xa que o alumnado deberá ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, entre outros.
Do mesmo xeito, a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, a educación para a paz e, en definitiva, os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), serán aspectos prioritarios nesta materia e neste curso, dado que gran parte dos contidos curriculares xiran arredor destas temáticas.
Así mesmo, a comunicación audiovisual empregarase de forma responsable en todas as unidades, servindo como apoio á práctica docente e favorecendo o desenvolvemento das competencias dixitais do alumnado.
Finalmente, o emprendemento considérase un aspecto fundamental, xa que se pretende que o alumnado realice propostas, fomente unha actitude proactiva e participe activamente na realización dos traballos de aula, así como na emisión de iniciativas que contribúan a enriquecer o clima da aula.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Visitas a exposicións e museos | Complementaria | | X | |
| Asistencia a charlas | Complementaria | X | | |
| Excursións de interese didáctico | Complementaria | | X | |
| Roteiros didácticos | Complementaria | | X | |
| Proxección de cine de interese para a materia | Complementaria | X | X | |
| Asistencia a representacións teatrais | Complementaria | X | | |

**Observacións:**

As actividades complementarias contribúen a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado, ademais de axudar a romper coa rutina diaria.
Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación práctica.
A nivel persoal, favorecen a socialización, o desenvolvemento da creatividade e a descuberta de habilidades fóra do ámbito escolar.
Non obstante, é fundamental que estas actividades sexan seleccionadas de forma adecuada, resulten motivadoras e estean adaptadas ao nivel de comprensión do alumnado.
Para a súa preparación e desenvolvemento establécense tres fases:

- Fase previa: consiste na preparación do alumnado. Nela ofrécese información sobre o tema e propoñense tarefas para realizar durante a actividade.
- Fase central: corresponde ao desenvolvemento da actividade propiamente dita, durante a cal o alumnado recollerá datos e información.
- Fase final ou de retroalimentación: realízase de volta na aula, co obxectivo de analizar os resultados e avaliar a experiencia.

As actividades complementarias que se leven a cabo dependerán das posibilidades do centro, das características do alumnado e dos recursos dispoñibles na contorna.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Traballanse as competencias e os elementos transversais |
| Adecuación da programación didáctica ao currículo |
| A temporalización foi adecuada. |
| Metodoloxía empregada |
| Adecuación da dificultade dos contidos ao nivel do alumnado |
| Realizouse a avaliación inicial |
| Valora o esforzo |
| Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación. |
| Os criterios de cualificación foron axustados. |
| Ofrece oportunidades de recuperación |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Planifica as leccións e explica con claridade |
| Crea ambiente de aprendizaxe |
| A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada |
| Os criterios de avaliación e cualificación foron claros. |

| Medidas de atención á diversidade |
|---|
| As clases adáptanse á diversidade do alumnado |
| Clima de traballo na aula |
| Os materiais e recursos empregados son atractivos e variados |
| Mantense o contacto co alumnado para coñecer dificultades, dúbidas... |
| Poténciase o traballo individual e grupal |
| Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado. |
| As actividades foron variadas e motivadoras. |

**Descrición:**

O profesorado debe someterse a un proceso de avaliación da súa práctica docente e do desenvolvemento do ensino. Este proceso inclúe dúas modalidades: heteroavaliación e autoavaliación.
A heteroavaliación é realizada polo alumnado e consiste na resposta a un cuestionario con escala de valoración do 1 ao 5. As preguntas versan sobre aspectos como:

- A metodoloxía empregada (variedade, interese, adecuación).
- As actividades propostas (diversidade, motivación).
- A comprensión das explicacións.
- A claridade na exposición dos criterios de cualificación.

A autoavaliación é realizada polo propio docente, tamén mediante un cuestionario cunha escala de valoración do 1 ao 5. Nel abórdanse aspectos como:

- Programación: revisión de obxectivos, contidos, temporalización e criterios de avaliación.
- Desenvolvemento da programación: análise de contidos, actividades, distribución do tempo e uso de recursos.
- Avaliación: comprobación da existencia de avaliación inicial, da idoneidade dos instrumentos empregados e da xustiza dos criterios de cualificación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará un seguimento continuo da programación, atendendo á súa temporalización, aos criterios de avaliación establecidos, aos contidos a impartir, á metodoloxía, entre outros aspectos. O obxectivo é axustar e, se fose necesario, modificar aqueles elementos didácticos que se consideren convenientes para que a programación resulte máis realista, aplicable e operativa.
Este seguimento da programación e da práctica docente levarase a cabo a través da aplicación Proens, con avaliación trimestral. Recolleranse datos sobre a temporalización, os axustes dos criterios de avaliación, os instrumentos empregados, así como información relativa aos contidos, metodoloxía e procesos de avaliación. Toda esta información será analizada polo profesorado e polos membros do Departamento, sinalando especialmente as posibles causas das dificultades no desenvolvemento da programación (por exemplo, o clima da aula, os recursos dispoñibles ou a diversidade do alumnado). Todo este proceso quedará recollido nun informe detallado nas actas do Departamento.
Para avaliar o proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación, verificando o seu grao de cumprimento.
Finalmente, nas memorias de fin de curso quedarán rexistradas as propostas de mellora que se consideren necesarias para implementar nos cursos seguintes, co obxectivo de ir axustando a programación á súa temporalización e á realidade do contexto educativo.

## 9. Outros apartados